

Lingua Galega e Literatura

Decreto 155/2022 (Galicia) · CEIP Coirón (Dena) · Criterios de avaliación de 4.º curso

Niveis de logro: **Adquirido / logrado** (de forma habitual e autónoma) · **En proceso** (parcialmente ou con axuda) · **Non adquirido** (aínda non, ou só con moita axuda).

Bloque 1 · As linguas e os seus falantes

Criterio de avaliación	Adquirido / logrado	En proceso	Non adquirido
CA1.1 Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Amosa interese activo polas linguas da contorna, recoñece variedades dialectais e identifica expresións básicas de lingua de signos de xeito autónomo.	Recoñece algunhas linguas ou variedades coa axuda da docente, pero o interese é irregular e non sempre identifica expresións cotiás.	Non amosa interese polas linguas da contorna nin recoñece variedades dialectais nin expresións básicas de lingua de signos.
CA1.2 Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuizos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Identifica prexuizos lingüísticos en situacións cotiás, propón alternativas respectuosas e valora a convivencia galego-castelán como riqueza cultural.	Recoñece algún prexuízo lingüístico cando se lle indica, pero non sempre ofrece alternativas nin valora a pluralidade de xeito espontáneo.	Non identifica prexuizos lingüísticos nin recoñece a diversidade galego-castelán como algo positivo.
CA1.3 Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	Nomea as linguas presentes na súa contorna e expresa valoración positiva da diversidade cultural nas interaccións con compañeiros e familias.	Identifica algunhas linguas da contorna coa orientación da docente, pero a valoración da diversidade é superficial ou pouco consistente.	Non distingue as linguas do seu entorno próximo nin mostra valoración da diversidade cultural.
CA1.4 Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeita activamente expresións discriminatorias, identifica abusos de poder na linguaxe e participa de forma construtiva na reflexión grupal sobre a comunicación.	Detecta algunhas expresións discriminatorias coa axuda da docente, pero a identificación de abusos de poder ou a valoración equilibrada das linguas é incompleta.	Non recoñece usos discriminatorios nin participa na reflexión grupal sobre comunicación e poder na linguaxe.
CA1.5 Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Emprega habitualmente unha linguaxe inclusiva e respectuosa con diferenzas persoais, culturais e de xénero en todas as situacións comunicativas.	Usa linguaxe respectuosa con recordatorio ocasional da docente, pero aínda emprega expresións inadecuadas nalgúns contextos.	Non usa linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais nin de xénero de forma consistente.

Bloque 2 · Comunicación oral

Criterio de avaliación	Adquirido / logrado	En proceso	Non adquirido
CA2.1 Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende textos orais e multimodais sinxelos, identifica ideas principais, mensaxes explícitas e algunhas implícitas, e comeza a valorar críticamente o contido e elementos non verbais.	Comprende as ideas principais coa axuda da docente, pero ten dificultades para captar mensaxes implícitas ou para valorar elementos non verbais.	Non comprende o sentido global de textos orais sinxelos nin distingue ideas principais nin mensaxes explícitas.
CA2.2 Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Incorpora de forma continua palabras novas ao seu vocabulario activo a través das experiencias e situacións do día a día.	Amplía o vocabulario de xeito irregular; incorpora palabras novas só cando se lle solicita ou se traballa explicitamente.	Non amosa progreso apreciable na ampliación do vocabulario a través das situacións cotiás.
CA2.3 Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Escoita con atención sostida, anota ou retén datos relevantes e fai preguntas e repreguntas de xeito autónomo para clarificar ou ampliar información.	Escoita con atención variable e realiza preguntas cando se lle anima, pero non sempre recolle datos nin formula repreguntas de forma espontánea.	Non mantén a atención nas conversas nin recolle datos relevantes nin formula preguntas para clarificar a información.
CA2.4 Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Produce textos orais coherentes e axustados á situación comunicativa, apoiándose en recursos non verbais (xestos, entoación) de forma apropiada.	Elabora textos orais con axuda na planificación, pero o discurso é pouco coherente ou non axusta ben o rexistro nin os recursos non verbais.	Non elabora textos orais coherentes nin axusta o discurso á situación, e non emprega recursos non verbais básicos.
CA2.5 Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participa activamente en conversas e debates respectando quendas e normas de cortesía, e aplica estratexias de escoita activa de forma habitual.	Participa nas interaccións con recordatorios sobre as normas de cortesía ou as estratexias de escoita activa.	Non respecta as normas básicas de cortesía lingüística nin aplica estratexias de escoita activa nas interaccións.
CA2.6 Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Expresa ideas con coherencia oral en situacións diversas e incorpora vocabulario novo de xeito progresivo e autónomo.	Expresa ideas básicas oralmente pero con coherencia irregular; o vocabulario é limitado ou pouco variado.	Non se expresa con coherencia oral en distintas situacións comunicativas nin progresa na adquisición de vocabulario.
CA2.7 Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita de forma consistente os usos discriminatorios na expresión oral, defende o uso do galego e participa na reflexión grupal desde unha perspectiva de xénero.	Identifica algún uso discriminatorio coa orientación da docente, pero o rexeitamento non é sistemático nin sempre incorpora a perspectiva de xénero.	Non identifica nin rexeita usos discriminatorios na comunicación oral nin participa na reflexión grupal sobre estes aspectos.
CA2.8 Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Aplica estratexias de comunicación asertiva e busca o consenso de forma autónoma, xestionando conflitos mediante o diálogo con eficacia crecente.	Emprega estratexias asertivas coa guía da docente, pero ten dificultades para xestionar conflitos de forma dialogada de xeito independente.	Non aplica estratexias de comunicación asertiva nin é quen de xestionar conflitos mediante o diálogo.

Bloque 3 · Comunicación escrita

Criterio de avaliación	Adquirido / logrado	En proceso	Non adquirido
CA3.1 Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le con fluidez en silencio e en voz alta, identifica o sentido global e extrae información relevante de textos sinxelos de forma autónoma.	Le textos sinxelos pero precisa apoio para identificar o sentido global ou para integrar a información explícita de xeito autónomo.	Presenta dificultades na lectura fluída e non identifica o sentido global nin a información relevante dos textos.
CA3.2 Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprende textos variados adecuados á súa idade aplicando coñecementos de gramática, vocabulario e ortografía para interpretar correctamente as mensaxes.	Comprende textos sinxelos pero ten dificultades para aplicar coñecementos gramaticais ou ortográficos que faciliten a comprensión de textos máis complexos.	Non comprende textos adaptados á súa idade nin aplica coñecementos básicos de lingua para facilitar a comprensión.
CA3.3 Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Aplica de forma autónoma estratexias lectoras: subliña palabras clave, fai inferencias e formula hipóteses antes e durante a lectura.	Emprega algunha estratexia lectora con orientación da docente, pero non as aplica de forma sistemática nin realiza inferencias ou hipóteses con regularidade.	Non utiliza estratexias de comprensión lectora; non identifica palabras clave nin realiza inferencias nin anticipa hipóteses.
CA3.4 Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analiza con apoio o contido, estrutura e elementos non verbais de textos, valora a súa fiabilidade e aprovéitao para enriquecer o vocabulario e consolidar a ortografía.	Analiza aspectos básicos do contido con bastante axuda, pero ten dificultades para valorar a estrutura, a fiabilidade ou para transferir o aprendido á ortografía.	Non analiza o contido nin os aspectos formais dos textos nin aproveita esta análise para mellorar o vocabulario ou a ortografía.
CA3.5 Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Le con fluidez e precisión crecentes, mantén hábitos de lectura voluntaria e participa activamente nas actividades de mellora planificadas.	Progresna na eficacia lectora pero de forma irregular; a motivación pola lectura é baixa ou require estímulo externo constante.	Non amosa progreso na eficacia lectora nin interese pola lectura, incluso coas actividades de mellora planificadas.
CA3.6 Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce textos escritos en galego coherentes e ben presentados, selecciona o modelo adecuado á situación e aplica estratexias de planificación, redacción e revisión con autonomía crecente.	Produce textos sinxelos con apoio na planificación ou revisión; a selección do modelo discursivo ou o coidado da presentación son inconsistentes.	Non produce textos escritos en galego coherentes nin aplica estratexias de planificación, redacción ou revisión nin coida a presentación.
CA3.7 Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Elabora textos escritos coherentes con distintas intencións comunicativas e integra recursos gráficos ou paratextuais de forma pertinente para facilitar a comprensión.	Elabora textos con intencionalidade básica pero ten dificultades para integrar recursos gráficos ou paratextuais de forma efectiva.	Non elabora textos escritos coherentes nin integra recursos gráficos ou paratextuais para apoiar a comprensión.

Criterio de avaliación	Adquirido / logrado	En proceso	Non adquirido
CA3.8 Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coñece e usa as bibliotecas de aula, centro e virtuais de forma autónoma, participa nas actividades literarias e mantén ou amplía a súa biblioteca persoal con textos galegos.	Usa a biblioteca con orientación e participa nalgúns actividades, pero o interese por manter unha biblioteca propia con literatura galega é escaso.	Non coñece o funcionamento das bibliotecas nin participa nas actividades organizadas nin amosa interese por textos da literatura galega.
CA3.9 Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Mellora de forma visible as súas competencias lingüísticas (comprensión, expresión, ortografía) mediante a práctica continuada da escrita.	Progresar nas competencias lingüísticas escritas de xeito desigual; algunhas destrezas avanza pero outras permanecen estancadas.	Non amosa progreso apreciable nas competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.
CA3.10 Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Usa a linguaxe escrita para expresar e argumentar puntos de vista que reflicten pensamento crítico ante discriminacións e prexuízos.	Amosa inicio de pensamento crítico nos textos escritos, pero non sempre identifica nin cuestiona discriminacións ou prexuízos de forma autónoma.	Non utiliza a linguaxe escrita para desenvolver pensamento crítico nin cuestiona discriminacións ou prexuízos.
CA3.11 Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita nos textos escritos os usos discriminatorios, defende o galego e participa activamente na reflexión grupal incorporando a perspectiva de xénero.	Identifica algún uso discriminatorio nos textos coa axuda da docente, pero o rexeitamento escrito non é consistente nin sempre incorpora perspectiva de xénero.	Non identifica nin rexeita usos discriminatorios na comunicación escrita nin participa na reflexión sobre linguaxe e xénero.

Bloque 4 · Alfabetización mediática e informacional

Criterio de avaliación	Adquirido / logrado	En proceso	Non adquirido
CA4.1 Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza, selecciona e contrasta información de fontes diversas incluídas as dixitais, cita as fontes correctamente e recrea a información con adaptacións creativas propias.	Localiza información con orientación, pero ten dificultades para contrastar fontes, cítalas correctamente ou adaptalas de forma creativa.	Non localiza nin selecciona información de distintas fontes nin cita nin contrasta o que atopa.
CA4.2 Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Presenta os resultados dunha investigación sinxela con autonomía crecente, tendo localizado, seleccionado e contrastado información de diversas fontes incluídas as dixitais.	Comparte resultados de investigación con moito apoio da docente; a selección e contraste de fontes son superficiais ou incompletos.	Non é capaz de realizar nin de presentar un proceso de investigación sinxelo nin de localizar ou contrastar información de distintas fontes.
CA4.3 Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Usa de forma autónoma as bibliotecas de aula e centro para seleccionar lecturas segundo os seus intereses, respectando e aplicando as normas de funcionamento.	Usa a biblioteca con axuda para encontrar lecturas de interese, pero non aplica as normas de funcionamento de forma sistemática.	Non usa a biblioteca para buscar lecturas nin coñece as normas básicas do seu funcionamento.
CA4.4 Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Usa as TIC de forma crítica, segura e saudable para buscar e tratar información, identificando riscos básicos e aplicando bos hábitos dixitais.	Usa as TIC con supervisión, pero non sempre de forma crítica nin segura; os hábitos de uso saudable son irregulares.	Non adopta hábitos críticos nin seguros no uso das TIC para a procura de información.

Criterio de avaliación	Adquirido / logrado	En proceso	Non adquirido
CA4.5 Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le textos en galego de diversas fontes axustados aos seus intereses de forma autónoma e reflexiona sobre as súas preferencias lectoras.	Le textos en galego cando se lle propón, pero a autonomía na elección é escasa e non reflexiona sobre a súa identidade como lector/a.	Non le textos en galego de forma voluntaria nin avanza na construción da súa identidade lectora.
CA4.6 Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte experiencias de lectura oralmente con entusiasmo e participa de forma activa nas comunidades lectoras da escola.	Comparte algunha experiencia de lectura cando se lle pide, pero a participación nas comunidades lectoras é pasiva ou irregular.	Non comparte experiencias de lectura nin participa nas actividades das comunidades lectoras escolares.

Bloque 5 · Educación literaria

Criterio de avaliación	Adquirido / logrado	En proceso	Non adquirido
CA5.1 Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le de forma autónoma obras de autores e autoras galegos axustadas aos seus intereses, expresa valoracións persoais razoadas e consolida a súa identidade lectora.	Le textos de literatura galega coa proposta da docente, pero as valoracións persoais son escasas ou moi superficiais.	Non le de forma autónoma textos da literatura galega nin fai valoracións persoais das obras.
CA5.2 Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Comparte a experiencia lectora en formatos variados (oral, escrito, visual) e participa de forma activa e continuada nas actividades literarias da comunidade escolar.	Participa nalgunhas actividades literarias escolares pero a compartición da experiencia lectora é pouco diversa ou pouco frecuente.	Non comparte a experiencia de lectura nin participa nas actividades literarias da comunidade escolar.
CA5.3 Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Expresa con argumentos propios o valor dos textos literarios como medio de comunicación, lecer e información, e amosa gusto pola literatura de forma consistente.	Recoñece o valor da literatura con apoio da docente, pero non amosa de forma espontánea gusto pola lectura literaria.	Non valora os textos literarios nin os percibe como fonte de lecer, información ou comunicación.
CA5.4 Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Identifica e usa a biblioteca como espazo de encontro literario, e relaciona as súas visitas coas actividades literarias compartidas do grupo.	Cóñece a biblioteca como espazo literario pero non sempre a percibe nin a usa como lugar de actividades literarias compartidas.	Non identifica a biblioteca como espazo de actividades literarias compartidas nin fai uso dela con esa finalidade.
CA5.5 Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Le de forma expresiva e comprende textos narrativos, líricos e dramáticos en galego, incorporando esta práctica de forma habitual na vida escolar.	Le textos literarios en galego con algún nivel de expresividade, pero a comprensión ou a práctica habitual dos tres xéneros é irregular.	Non le con expresividade textos literarios en galego nin diferencia os xéneros narrativo, lírico e dramático.
CA5.6 escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita e le textos de literatura galega e universal, recoñece elementos esenciais dos xéneros literarios e establece relacións con outras manifestacións artísticas coa guía da docente.	Le ou escoita textos literarios pero ten dificultades para identificar elementos dos xéneros ou para relacionalos con outras manifestacións artísticas.	Non recoñece elementos básicos dos xéneros literarios nos textos que escoita ou le nin os relaciona con outras manifestacións artísticas.

Criterio de avaliación	Adquirido / logrado	En proceso	Non adquirido
CA5.7 Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos con intención literaria, individuais ou colectivos, recreando os modelos con achegas persoais e complementándoos con recursos artísticos variados.	Produce textos literarios con moito apoio, pero a recreación persoal dos modelos é mínima ou non incorpora outras linguaxes artísticas.	Non produce textos con intención literaria nin recrea os modelos dados nin integra outras linguaxes artísticas.
CA5.8 Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Identifica recursos básicos da linguaxe literaria (rima, comparación, personificación) e distingue as convencións formais dos principais xéneros de forma autónoma.	Recoñece algún recurso literario básico coa axuda da docente, pero non distingue con claridade as convencións dos distintos xéneros.	Non recoñece recursos básicos da linguaxe literaria nin diferencia as convencións formais dos xéneros literarios.

Bloque 6 · Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais

Criterio de avaliación	Adquirido / logrado	En proceso	Non adquirido
CA6.1 Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara de forma autónoma aspectos básicos do galego e o castelán (fonoloxía, vocabulario, gramática) e aplica esas comparacións para mellorar a competencia en ambas as dúas linguas.	Establece algunhas comparacións entre as linguas coa orientación da docente, pero non as aplica de forma sistemática para mellorar a competencia comunicativa.	Non compara aspectos das linguas do ámbito escolar nin relaciona os coñecementos entre as dúas linguas.
CA6.2 Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce textos en galego coherentes e con corrección gramatical e ortográfica básica, selecciona o modelo adecuado e aplica estratexias de planificación, redacción e revisión con autonomía crecente.	Produce textos en galego con frecuentes erros ortográficos ou gramaticais; as estratexias de planificación e revisión requiren apoio constante.	Non produce textos en galego coherentes nin aplica normas gramaticais ou ortográficas básicas nin estratexias de planificación ou revisión.
CA6.3 Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Formula conclusións propias sobre a concordancia e as relacións de significado en galego, manipulando palabras e enunciados de forma autónoma en contextos reais de produción.	Identifica a concordancia e algunhas relacións de significado con apoio, pero ten dificultades para formular conclusións propias sobre o funcionamento da lingua.	Non é capaz de formular conclusións elementais sobre o funcionamento do galego nin identifica a concordancia ou as relacións de significado básicas.
CA6.4 Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Revisa os seus textos e os alleos de forma sistemática, utilizando o dicionario físico ou dixital de modo autónomo para mellorar a produción e comprensión.	Revisa textos con apoio da docente e usa o dicionario cando se lle indica, pero non integra a revisión como práctica habitual e autónoma.	Non revisa os seus textos nin os alleos nin usa o dicionario para mellorar a produción ou comprensión escrita.

Criterio de avaliación	Adquirido / logrado	En proceso	Non adquirido
CA6.5 Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica correctamente as categorías gramaticais e as regras ortográficas do galego, identifica diferenzas específicas co castelán e utiliza estes coñecementos para comunicarse con eficacia.	Aplica algunhas categorías gramaticais e regras ortográficas, pero comete erros frecuentes especialmente nas diferenzas co castelán.	Non aplica os coñecementos básicos de gramática nin ortografía do galego nin distingue as diferenzas co castelán.
CA6.6 Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Incorpora de forma sistemática e autónoma vocabulario galego novo a través dos textos lidos ou traballados, usando estratexias de fixación léxica.	Adquire vocabulario galego de forma asistemática; require orientación para reparar nas palabras novas e formais no seu repertorio léxico.	Non adquire vocabulario galego novo a través dos textos nin amosa estratexias para sistematizar o aprendizaxe léxico.

Criterios de avaliación reproducidos literalmente do currículo (Decreto 155/2022). Os descritores de nivel son unha proposta de aula, sen carácter oficial. Autoría: Brais Prados González.